

Da Inocencia

Con metáforas forzadas



HÉITOR MERA

A poesía é pulso de sentimentos e emocións. Hai infindas variantes dun mesmo sentimento, infindas posibilidades de expresión e, polo tanto, dentro desa infinita orde artística, múltiples posibilidades interpretativas no estrañamento do lector atento.

En *Perfis e poéticas* a inocencia ou a inxenuidade, a bondade e xenerosidade percorren toda unha traectoria poética que, sen ser de grande sona, é de fonda autenticidade e sinceridade. Sobranceamos estas dúas características últimas por riba de calquera outra, pois non é un poemario onde se poida atopar un cuns versos que chamen por seren especialmente impactantes. Moi pola contra, en moitas ocasións adoecen de falta de ritmo e pulsión poética de vez, mais Ánxeles Penas fai un intento importante por procurar a través da palabra a consecución de diferentes puntos de vista para homenaxear aos máis dos compañeiros que a influenciaron na súa vida lectora. Sobran as odas e elexías, escusas perfectas para dar renda solta á intertextualidade laudatoria que, non por ser sentida, deixa de ser moi inxenua e carente de forza expresiva. Hai en *Perfis e poéticas* un exceso de erudición. Decatámonos do gran coñecemento lector da autora, vemos un gran fondo intelectual e, consideramos que unha alma soñadora que procura dar renda solta a toda esa enerxía que ten dentro de si. Mais non é dun xeito excesivamente acertado. Son moitos os versos que, se non o son, raian perigosamente no ripio, sen forza e sen lirismo. Metáforas forzadas e intentos de poetización que quedan nunha simple exposición intelectual de filias literarias e pictóricas.

Queda, pois, nunha estruturación razoable en tres poéticas (a da palabra, a da ollada e a do espazo) que non cobre expectativas. Chámanos a atención a pouca atención que se

lle presta

ao ritmo

interno

do verso.

Atropé-

lase e

non flúe.

Pensa-

mos que

conse-

cuencia

dunha

posible

tradución

do caste-

lán ao ga-

lego, polo

que se fai

esgrevio e

sen graza.

Só nos

queda o

horizonte

hermenéu-

tico da au-

tora, na

medida en

que é ex-

posto, como

argumento intere-


sante dunha poesía do

íntimo. Ler este *Perfis e*

poéticas é como ler a poética

das intencionalidades líricas sen

acadar obxectivo nin afondamento.



Mais, se no que a poesía como xénero pretendido non lle sacamos ren, si podemos atoparlle interese como reflexións íntimas dependendo para quen goste.

PENAS, Ánxeles, *Perfis e poéticas*, Baía Ed., A Coruña, 2007, 54 páxinas.